

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

RESOLUCIÓN do 26 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, pola que se dá publicidade á declaración de impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 10 de maio de 2016, relativa ao proxecto do parque eólico O Barbanza, no concello de Boiro, promovido por Norvento, S.L.

Visto o artigo 5.7 do Decreto 442/1990, do 13 de setembro, de avaliación do impacto ambiental para Galicia (DOG nº 188, do 25 de setembro),

RESOLVO:

Dar publicidade mediante esta resolución á declaración de impacto ambiental formulada pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental o 10 de maio de 2016, relativa ao proxecto do parque eólico O Barbanza, no concello de Boiro (A Coruña), promovido por Norvento, S.L., e que se poderá consultar na seguinte ligazón: <http://www.cmati.xunta.es/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Enerxía e Minas da Consellería de Economía, Emprego e Industria, sitas no Edificio Administrativo San Caetano, bloque 5, cuarto andar, en Santiago de Compostela.

Santiago de Compostela, 26 de maio de 2016

Ángel Bernardo Tahoces
Director xeral de Enerxía e Minas

CVE-DOG: lynltns6-1ra6-nxa9-je24-4v1owrancne9

